



Concello do Porriño

BASES FUNCIONAMENTO POSTOS DE VENDA PORRIGALIA 2018

I.- DE CANDO E DONDE SE CELEBRA

Art. 1.- A festa de Porrigalia 2018 celebrarase nas datas do 20, 21 e 22 de xullo do 2018. Os postos de venda poderán estar abertos ao público dende o venres 20, das 18:00 h. ás 04:00 h. o sábado 21, dende ás 10:00 h. ata ás 04:00 h. e o domingo dende ás 10:00 h. ata ás 00:00 h. Non se permitirá a apertura de ningún posto na rúa fóra do horario establecido.

Art. 2.- A festa extenderase polas seguintes rúas e prazas: rúas Ramón González e Manuel Rodríguez, praza Arquitecto Antonio Palacios e barrios de San Benito e San Sebastián, rúa Pío XII, rúa Servando Ramilo e rúa Avelino Villasuso.

Art. 3.- Non se permitirá o asentamento de ningún posto nin a venda ambulante de ningún produto fóra do recinto establecido pola organización.

II.- DOS POSTOS DA VENDA

Art. 1.- Estableceranse catro clases de postos de venda:

- a) Obradoiros gremiais: son aqueles postos especificamente establecidos pola organización que representan os distintos gremios, as labores e manifestacións artesanais das distintas civilizacións presentes en Porrigalia. A súa ubicación, deseño e tamaño serán determinados pola organización, en función das necesidades e actividades de cada cal e da dispoñibilidade de espacio.
- b) Postos de venda de produtos artesanais.
- c) Postos de degustación e venda de comidas: son aqueles postos de venda de comidas e bebidas. A organización reservará para estes postos unicamente os emprazamentos dos barrios de San Benito e San Sebastián. A organización decidirá de forma excepcional a distribución dos postos de rosquillas.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579

Eva García de la Torre (1 para 1)
Alcaldeza do Porriño
Data de Sinatura: 03/07/2018
HASH: 99aa3a6ce5d5131aa61015dc73d4c250



Concello do Porriño



Cod. Validación: 763HGEL9YJE2XCIMR37ZJ7LXJ | Conexión: <http://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello do Porriño

- d) Establecementos privados: son aqueles establecementos coma tabernas, bares, bodegas, restaurantes, negocios de venda de produtos, con sede social no Porriño, que soliciten asentarse na vía pública diante do seu negocio. Consistirá nun posto de tamaño variable según o espazo dispoñible, tendo sempre en conta a temática de Porrigalia. A organización só autorizará estes postos no caso de que non precise dese espacio e sempre e cando as condicións da rúa o permitan.

Art. 2.- Todos os postos presentarán obrigatoriamente aspecto celta, castrexo, exipcio, galo, grego, romano ou vikingo, tanto nos materiais, coma no deseño. Rexeitaráanse formicas, plásticos, cristais, fibras sintéticas, lonas, rodas de goma, pinturas ou debuxos alleos á temática de Porrigalia, papeis ou cartóns impresos, sacos con letras... substituíndoos por madeira, corcho, esparto, panos, coiros, mazarocas de millo, etc. **(excepto palla, que non estará permitida!).**

Art. 3.- Os postos de comida que dispoñan de cociñas, bombonas, asadores, parrillas, brasas ou sustancias inflamables deberán estar protexidos, xa que poden supoñer un perigo para as persoas. Será obrigatorio para estes postos que conten cun extintor homologado e en bó funcionamento, de po seco de 6 kg. Deberán tamén contar cun xerador de enerxía propio co fin de poder desenvolver a súa actividade. A organización non se fai responsable dos danos ocasionados por este tipo de instalacións. Aqueles elementos modernos necesarios para o normal desenvolvemento da actividade destes postos de hostelería, e que estean permitidos pola organización de Porrigalia, coma: instalacións eléctricas, lámpadas, billas de auga, refrixeradores, básculas etc... terán que estar ocultos ou totalmente camuflados.

Art. 4.- No caso de reprodución de música terá que ser axeitada á temática de Porrigalia.

Art. 5.- Todos os postos de degustación de comida e bebida deberán cumprir as normas básicas de seguridade e hixiene.

Art. 6.- Todas aquelas persoas que manipulen alimentos ou bebidas estarán en posesión do carné de manipulador/a de alimentos.

Art. 7.- No momento da inscrición confirmarase a civilización representada: celta, castrexa, exipcia, gala, grega, romana ou vikinga.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 763HCE19YJE2XC1ME37Z17LX1 | Corrección: <http://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPública | Páxina 2 a 4



Concello do Porriño

III.- DA SOLICITUDE DOS POSTOS DE VENDA

Art. 1.- Prescricións: a solicitude de inscrición poderá descargarse na nosa páxina: <http://porrigalia.gal/> ou ben recollela no Centro Cultural Municipal ou no Concello do Porriño do **9 ao 13 de xullo**, en horario de 09:00 a 14:00 h.

Toda a documentación requirida será presentada no Rexistro do Concello do Porriño do **9 ao 13 de xullo**, en horario de 09:00 a 14:00 h.

Art. 2.- Aceptacións: unha vez cumprimentada a documentación facilitada e presentada a documentación requirida o 16 de xullo procederáse a asignación da ubicación do posto; dita responsabilidade quedará a cargo do Concello.

Rematado o prazo de inscrición e confirmada a aceptación do posto, os/as interesados/as formalizarán o correspondente pago de taxas previsto na Ordenanza municipal en vigor no ORAL (Deputación Provincial de Pontevedra).

Queda totalmente prohibido o aluguer ou cesión a terceiros dos postos asignados.

Art. 3.- Taxas: a ordenanza reguladora da taxa por instalación de postos ambulantes situados en terreo públicos así coma industriais estipula a cota de aplicación por posto de venda de 1,32 € por m²/día. O pago farase no ORAL. Os xustificantes de pago serán entregados no Concello do Porriño os días **17 e 18** de xullo.

Non se admitirá ningún posto sen a debida presentación do xustificante de pago.

IV.- DA MONTAXE DOS POSTOS DE VENDA

Art. 1.- O horario da montaxe levarase a cabo o venres 20 entre as 14:00 h. e as 20:00 h. ou o sábado 21 entre as 07:00 h. e as 11:00 h.

Art. 2.- Todos os postos han de estar totalmente ubicados e preparados para a hora de comezo das actividades de Porrigalia, o venres 20 ás 20:00 h., o sábado e o domingo ás 11:00 h. Non se poderán ampliar os postos con mesas adicionais ou plataformas, toldos, etc.

Art. 3.- Durante o desenvolvemento de Porrigalia quedará prohibida a entrada e saída de vehículos non autorizados, así coma a colocación de obstáculos dentro dos distintos recintos da festa.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 763HGEL9YIE2XCIMR37ZJ7LXJ | Corrección: http://porriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello do Porriño

V.- DAS MERCANCÍAS

Art. 1.- Só se permitirá a venda de produtos artesanais.

Art. 2.- Queda totalmente prohibida a exposición e presenza de animais vivos.

VI.- DAS COMIDAS

Art. 1.- Os postos de comidas deberán coidar extremadamente os seus menús e o servizo:

- a) As comidas deberán estar en consonancia coa temática da festa.
- b) A louza e xogos de cubertos deberán encaixar coa imaxe de Porrigalia.
- c) Non se permitirán manteis de plástico e os panos de mesa serán de tecido ou papel escuro.

VII.- DOS VENDEDORES

Art. 1.- Todos/as os/as vendedores/as que atendan os postos deberán ir obrigatoriamente vestidos acorde coa temática de Porrigalia.

Art. 2.- Queda totalmente prohibido o uso de globos dentro de todo o recinto da festa.

Art. 3.- Unha vez rematada Porrigalia, na noite do domingo 22 ao 23 de xullo, todos os postos de venda deberán estar desmontados e o seu recinto limpo.

Art. 4.- A organización así como a Policía Local e Protección Civil do Porriño velará polo estricto e riguroso cumprimento das presentes bases.

Porriño, 25 de xuño do 2018.

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonlo Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 763HGEL9YJE2XCLMR37ZJ7LXJ | Corrección: http://oporriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4